

| | |
|--|---|
| Comunidade Autónoma / Departamento / Estado | GALICIA |
| Municipio | PADERNE DE ALLARIZ |
| Edificio | Igrexa de San Lourenzo de Siabal |
| Dirección | Lugar de San Lourenzo, s/n. 32112 |
| | 42.282929 -7.756054 |
| Protección | |
| Descricion | <p>Edificio do século XVIII, barroco de planta en cruz latina e traza sinxela. Practicamente carente da ornamentación e artificiosidade propia dos edificios relixiosos pertencentes a este estilo. A igrexa destaca sobremaneira pola magnífica torre de campás que loce a súa fachada.</p> <p>Esta iníciase virtualmente a ambos lados da porta principal por medio de dúas pilastras adosadas que se prolongan visualmente ata a torre.</p> <p>Sobre o oco de entrada dispónse unha xanela enmarcada nunha moldura que harmoniza á perfección co sobrio deseño xeral da fachada.</p> <p>O fenomenal campanario de dous corpos superpostos rematados nun cupuliño opaco é, sen dubida, o elemento mais destacado e mellor logrado de todo o conxunto. O primeiro corpo, o que acolle os sinos de bronce, é o que presenta as maiores dimensións, dotándose ademais dunha balconada pétreo perimetral a base de fermosos balaústres contorneados. O corpo superior, ao igual que o que o sostén, presentase oco e furado nos catro eixos cardinais para posibilitar a pericia da altura que acada. Por último a cupuliña disposta no cumial, ao igual que os módulos inferiores, xurde a partir dun leve cornixamento para diferenciarse de cada unha das pezas que a preceden en altura.</p> <p>A torre, que aparece situada no eixo central da fachada, proporciona un extraordinario impulso vertical á edificación, algo que consegue grazas á elegancia e á proporcionalidade do seo porte.</p> <p>Existe constancia documental de obras entre 1585 e 1587, o que evidencia que a actual igrexa foi construída sobre unha anterior posiblemente románica.</p> <p>Na fachada norte, sitúase un antigo osario que hoxe permanece fora de uso.</p> <p>No interior ten un baptisterio dotado cunha voluminosa pía bautismal de pedra, ornamentada con gravado xeométrico e illada a través de unha verxa de ferro.</p> <p>Contigua á entrada lateral da nave dispónse tamén unha pía de auga bendita decorada con un ornato xeométrico dentado en forma de zigue-zague.</p> |
| Campás | 2 campás. |
| Fotos | 1 |
| Toques actuais de campás | |
| Conservación, mantemento | |
| Propostas | |
| Autors da documentación | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |

Data

26-11-2024

Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---------------------|-------------------------------|--|-------------------------|-------------------------|-------------|
| Torre-campanario | <u>Maior.</u> | <u>BLANCO LEMOS, ANTONIO</u> | 1947 | | |
| Torre-campanario | <u>Menor.</u> | <u>ANÓNIMO (GALICIA)</u> | 1816 | 60 | 125 |

Información completa: [Igrexa de San Lourenzo de Siabal - PADERNE DE ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (30-06-2026)